

DECRETO

ASIGNACIÓN DUNHA DAS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR AO CONCELLEIRO DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO (2024/G001/008231)

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o acordo 8/90 do Pleno do 30 de maio de 2024, no que se recollen as modificacións relativas ás asignacións por asistencias e indemnizacións a membros da Corporación e asignacións económicas aos grupos políticos municipais, no que, entre outros aspectos, se asignaron tres dedicacións exclusivas ao Grupo Municipal do Partido Popular.

Visto, así mesmo, que na sesión plenaria celebrada o pasado día 26 de xullo de 2024 tomouse razón do cesamento do concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, don Enrique Ceferino Rozas López, que viña desempeñando o seu cargo neste réxime coa percepción das retribucións correspondentes.

Tendo en conta o oficio remitido pola voceira do referido grupo número 300/2024 de Rexistro de Pleno, do 22 de agosto de 2024, no que sinala: *“Elena Candia López, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, por medio do presente escrito e en relación ao acordo tomado no pleno de organización celebrado o 26 de xuño de 2023, comunica que a dedicación exclusiva que percibía Enrique C. Rozas López, a partir do 1 de setembro de 2024 pasará a percibila Javier Vázquez Prado”*.

E de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, **determinanado a presidenta da corporación os membros dela que realizarán as súas funcións neste réxime de dedicación,**
RESOLVO:

Primeiro.- Asignar -con efectos do 1 de setembro de 2024- unha dedicación exclusiva a don Javier Vázquez Prado, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, na contía de 53.641,14 euros, co incremento do 2% aprobado: 54.713,96 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan).

Segundo.- Notificarlle esta resolución ó dito concelleiro coas seguintes indicacións:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1493267561334143458.doc

Asunto: ASIGNACIÓN DEDICACIÓN EXCLUSIVA GMP A DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO

- Lémbrese que a percepción das retribucións exclusivas e parciais é incompatible con outras con cargo aos presupostos das administracións públicas e entes, organismos ou empresas que dependan delas, ou o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Tampouco terán dereito a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados aínda que si ás indemnizacións que correspondan polos gastos ocasionados no exercicio dos seus cargos.
- O desempeño dun cargo con dedicación exclusiva ou parcial require a súa aceptación polo designado ou designada que, neste caso, terá efectos do 1 de setembro de 2024.

Terceiro.- Notifíqueseles aos servizos Económicos e ao de Persoal para os efectos oportunos e o aboamento das retribucións que correspondan.

Cúmprase.

Asinado electronicamente pola Excm. Sra. alcaldesa, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.